

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E O CENTRO COMERCIAL ABERTO – ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE DEZA

Lalín, 7 de decembro de 2017

REUNIDOS


Dunha parte, o Concello de Lalín, actuando no seu nome e representación o Concelleiro de Comercio, Emprego e Réxime Interno don José Manuel Fernández Taboada, ao abeiro das competencias que por delegación da Alcaldía en virtude do decreto de 10 de outubro de 2017, ten para vincularse neste acto.

E doutra don Antonio Lamas Carral, que actúa en nome e representación de Centro Comercial Aberto - Asociación de Empresarios de Deza, con CIF G36187169, con suxeición ao disposto.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

- a) Que o Concello de Lalín, para a xestión dos seus intereses e no ámbito da súas competencias, pode promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, segundo se sinala no artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Así mesmo, e como marca o artigo 25.2.i) o Concello ten competencias propias en materia de feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.
- b) Que a Asociación de Empresarios do Deza coa finalidade de recoller as inquietudes do comercio e contribuír á dinamización do sector, puxo en marcha dende o ano 2011 o Centro Comercial Aberto que conta, na actualidade, cun número total de 117 socios, e presta servizos de información especializada, asesoramento xurídico e formación.



- c) Que resulta de interese xeral, e ten unha clara finalidade pública para o Concello de Lalín, colaborar na promoción dun sector estratéxico para a economía lalinense como é o SECTOR

COMERCIO, dadas as especiais particularidades do mesmo: A importancia do sector e as sinerxias con outros sectores estratéxicos, como a hostalería, o turismo, e os servizos en xeral; A boa calidade dos produtos e artigos que son ofrecidos ao consumidor final; O efecto dinamizador que exerce sobre o pobo, principalmente o comercio situado na zona urbana propiamente dita; O atractivo que supón para os visitantes da nosa área de influencia (comarca do Deza e limítrofes).

- d) Que no contexto actual de graves dificultades, tras varios anos de crise económica: caída do consumo, competencia das grandes áreas comerciais, importante perda de postos de traballo, dificultades para o relevo xeracional no comercio tradicional, etc, e máis necesario ca nunca apostar e afondar na colaboración de todos os axentes sociais, públicos e privados, implicados na promoción e dinamización da actividade comercial, sentando as bases para unha maior competitividade das empresas do sector que poña en valor os espazos urbanos como eixes económicos e sociais e como lugares de relación, convivencia e desenvolvemento económico.

En virtude do exposto, e no exercicio das competencias que lles son propias, as partes que interveñen están interesadas en establecer o presente convenio que se rexerá polas seguintes,



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O presente Convenio ten por obxecto o desenvolvemento no Concello de Lalín dun programa de promoción do sector estratéxico como é o sector do Comercio, con accións que potencien a súa dinamización. Defendendo así o consumo local para que repercuta directamente no municipio, na súa calidade de vida e na dos veciños do mesmo.


SEGUNDA. Normativa.

- Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de Ordenación do Comercio Minorista.
- Lei 38/ 2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/ 2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Bases 27 e 28 de Execución do Orzamento do Concello de Lalín para o ano 2017.

TERCEIRA. Contidos, programas e actuacións a desenvolver.

Este convenio servirá para desenvolver un programa de actuacións en colaboración co Concello de Lalín, que consistirán en:

- a) Campañas de dinamización comercial:
 - a.1. *Peque-Venres*: xogos e actividades para os mais pequenos da casa, con inchables nas distintas rúas e animación musical. Oito venres entre xullo e agosto.
 - a.2. *I Feira de Oportunidades do comercio de Lalín*: púxose en marcha seguindo as recomendacións do Plan de Acción para o Comercio e Hostalería de Lalín e contou coa participación de vinte e dous comercios. Colocáronse jaimas na rúa Joaquín Loriga, iluminación e música ambiental para a dinamización da rúa.
 - a.3. *Black Friday*: esta será a sexta edición deste evento importado de Norteamérica, que debido á súa repercusión nas vendas convértese nuns dos grandes do ano. Nel, os asociados realizan voluntariamente descontos especiais aos clientes e, a Asociación colabora co deseño de campaña, promoción, decoración, cartelería, actividades de dinamización, etc.



a.4. *Campaña de Nadal 2017*: realizarase a partir do 1 de decembro e está baseada en cinco pilares:

1. Un sorteo atractivo de cartos en vales de compra para canxear no comercio local.
2. III edición do concurso de escaparates.
3. Animación e actividades de dinamización nas rúas do Centro Comercial Aberto de Lalín.
4. Decoración especial de Nadal nos comercios e rúas.
5. Campaña de publicidade en medios de comunicación.

b) Campaña de publicidade en medios de comunicación e redes sociais: para crear fixación de marca de calidade na mente dos consumidores, difundindo a imaxe da AEDEZA e dando a coñecer a oferta global do comercio lalinense para que compren no propio Concello.

Farase mediante difusión nos medios de comunicación, redes sociais, nos propios establecementos de forma visible, no mobiliario urbano destinado a este fin e intensificando a presenza nas vías comerciais principais.

c) Elaboración dunha páxina web específica para o sector do comercio de Lalín: co obxectivo de darlle presenza na rede ao pequeno comercio da vila, para que dispoña dun espazo propio con información personalizada e actualizada.

d) Plan formativo para o comercio de Lalín: os continuos cambios aos que o comercio se expón (dinamismo, novas tecnoloxías, etc.) fan necesario que tanto comerciantes como traballadores, teñan as capacidades necesarias para desenvolver o seu traballo da forma máis eficaz e eficiente posible. Por iso, a formación ten que ser continua, práctica e adaptada ás necesidades do grupo.

CUARTA.- Natureza.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o

Emprego

obxecto deste convenio co Concello de Lalín, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir ao Concello responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

QUINTA. Orzamento.

Atendendo ao interese do obxecto do presente convenio, no Orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2017 dotouse a partida 431.1.479.01 cun importe de 35.000,00 euros, en concepto de subvencións nominativas, para a realización das actuacións sinaladas na cláusula terceira, incluíndo gastos realizados para estas finalidades ata o 15 de decembro do ano 2017.

A contía das axudas distribúese nos seguintes conceptos subvencionables:

- Campañas de dinamización comercial: 18.000€
- Campaña de publicidade en medios de comunicación e redes sociais: 3.000€
- Elaboración dunha páxina web do Centro Comercial Aberto de Lalín: 6.000€
- Plan formativo para o comercio de Lalín: 8.000€


SEXTA. Forma de pagamento e xustificación.

O pagamento das cantidades a financiar polo Concello de Lalín ás que se refire a cláusula anterior, realizaranse mediante dous procedementos diferenciados:

- a) As cantidades a financiar polo Concello libraranse a medida que se realicen os programas e actuacións a desenvolver, e o centro comercial aberto presente as contas xustificativas das mesmas que, en todo caso, deben ser presentadas como moi tarde o día 15 de decembro de 2017.

A conta xustificativa deberá constar da seguinte documentación:



- a) Memoria explicativa e detallada onde figure o programa desenvolvido, xustificativa do cumprimento das condicións do convenio.
- b) Memoria económica xustificativa do custe da actividade, que conterá unha relación clasificada dos gastos, con identificación do acredor, número de factura, importe sen IVE, importe con IVE, data de emisión da factura e data de pagamento. O gasto xustificativo deberá acadar, como mínimo, o importe a que ascende a subvención municipal ou a suma das axudas obtidas para a mesma finalidade,



polo que no suposto de non xustificarse o total das axudas obtidas, o Concello de Lalín minorará a súa achega proporcionalmente.

c) As facturas deberán cumprir cos seguintes requisitos:

- Deberán ser orixinais, expedidos pola empresa subministradora dos bens ou servizos. Admitiranse copias compulsadas polo propio Concello, non obstante antes de realizar as fotocopias e compulsas das mesmas estamparase nos xustificantes orixinais un selo coa seguinte lenda: "documentación presentada neste organismo a efectos de subvención". Asumirase o compromiso de aportar os orixinais no momento que le sexan requiridos. A factura deberá vir especificada en moeda local.
- Deberá constar na factura unha explicación do gasto. Se o xustificante non é o suficientemente claro neste aspecto, deberá ir acompañado de nota explicativa da que se deduza unha clara relación do gasto coa actividades subvencionada.
- Reflectirá os datos identificativos do expedidor (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF/CIF e domicilio).
- Reflectirá os datos identificativos do destinatario que deberá ser a entidade subvencionada (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF/CIF e domicilio).
- Incluirá unha descrición detallada e prezo unitario da operación e a súa contraprestación total, importe pagado e moeda. Deberá reflectirse o IVE correspondente ou imposto equivalente, no seu caso, que estea en vigor no país de emisión da factura. Cando a cota se repercute dentro do prezo deberá indicarse "IVE incluído".
- Xustificante de pago das facturas utilizadas para a xustificación. So se admitirán como xustificantes os pagos realizados mediante transferencia bancaria, polo que as facturas deberán acompañarse do correspondente xustificante de dita transferencia. No caso de pagos por importe igual ou inferior a mil euros admitirase o pago en metálico ou cheque sempre e cando se faga constar na factura o selo do proveedor. A dilixencia de factura pagada e o nome, dni e sinatura da persoa que dilixencie o cobro da mesma. No caso de que se realizaran pagos que leven retención de IRPF deberán presentar o correspondente modelo xustificativo de ter realizado o ingreso de dita retención



na Axencia Tributaria

- d) Certificación expedido polo Presidente relativo ao desenvolvemento das actividades polo que se acredite que a subvención foi destinada á finalidade para a que foi concedida xunto coa declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas como pendentes de resolución, para as actividades obxecto deste Convenio.
- e) Certificación de que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigadas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pago ningunha outra débeda co Concello de Lalín ou que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro.
- f) Declaración responsable asinada polo secretario da Asociación, na que se determinará que se cumpren todos os requisitos determinados no artigo 13 da Lei 38/2003, para obter a condición de beneficiario, que dita Asociación non incorre en ningún suposto de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas públicas.


En todo caso, o beneficiario da axuda deberá presentar a seguinte documentación no prazo de dez días naturais dende a sinatura do convenio:

- g) Memoria explicativa e detallada onde figure o programa desenvolvido ou que se vai a desenvolver.
- h) Declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas como pendentes de resolución, para as actividades obxecto deste Convenio.
- i) Certificación de que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigadas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Os gastos deberán estar debidamente concretados, deixando claro canto se adica a cada acción a desenvolver e expresando o concepto dos mesmos. Os gastos poderán estar suxeitos a variacións, é dicir, permítense flexibilidades nos mesmos.

SÉTIMA. Modificación do Convenio.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administración ou entes públicos ou privados, nacionais, internacionais, poderá dar lugar á



Emprego

modificación da contía da axuda contemplada no presente Convenio.

OITAVA. Comisión de Seguimento.

Constitúese unha Comisión Mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas todas as cuestión derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta Comisión está composta por:

- José Manuel Fernández Taboada, concelleiro delegado de Comercio do Concello de Lalín
- Rosa Carrero Vicente, técnica municipal.
- Antonio Lamas Carral, presidente da Asociación de Empresarios do Deza.
- M^a Jesús García Diéguez, secretaria técnica da Asociación de Empresarios do Deza.



A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do cumprimento do Convenio.
- b) Interpretar e resolver as dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do Convenio.


NOVENA. Causas de Resolución.

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar non seu caso ao reintegro das cantidades percibidas:

- a) Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMA. Publicidade, seguimento e colaboración.

O CENTRO COMERCIAL ABERTO – ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE DEZA obrígase a:

- a) Facer constar en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste convenio, a participación e colaboración co Concello de Lalín.
- 

Emprego

- b) Cumprimento dos programas e actuacións para os que se conceden as subvencións.
- c) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral do Concello de Lalín e/ou pola Concellería de Comercio, Emprego e Réxime Interno, polo Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente convenio.

UNDÉCIMA. Réxime Xurídico.

O presente convenio ten carácter administrativo e as lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse, motivadamente, polo Concello de Lalín, previo ditame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula oitava. Contra esta resolución e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente Convenio e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DUODÉCIMA. Responsabilidades e causas de reintegro.

Son causas de reintegro da subvención, xunto cos intereses de demora correspondentes dende o momento do seu pago, as establecidas no Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.


O Centro Comercial Aberto – Asociación de Empresarios de Deza quedará sometida ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos na Lei Xeral de Subvencións e na Lei Xeral Orzamentaria.

DÉCIMO TERCEIRA. Duración.

O presente convenio estenderá a súa duración ata o día 31 de decembro de 2017. Polo que as facturas deben ter data de emisión no exercicio 2017.

DÉCIMO CUARTA.- Protección de Datos

O Centro Comercial Aberto – Asociación de Empresarios de Deza comprométese a cumprir a Lei Orgánica 15/199, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e o Real Decreto 1720/2007 de 21 de decembro polo que se aproba o



Emprego

Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.


CONCELLO DE LALÍN

O Concelleiro delegado de Comercio


O CENTRO COMERCIAL

ABERTO – ASOCIACIÓN DE

EMPRESARIOS DE DEZA



Asdo.: José Manuel Fernández Taboada



Asdo.: Antonio Lamas Carral